

Oleiros mellora a seguridade viaria en todos os núcleos do municipio

Páxinas 12 e 13



Concello de  Oleiros

O Goberno local revisará o uso das tarxetas de aparcamento para persoas discapacitadas

Páxina 15

Vivir en Oleiros

Número 39
Setembro 2012
Toda a actualidade en:
www.oleiros.org

Vista do estado actual dos traballos de mellora da N-VI que deberían estar rematados desde novembro de 2011



O Concello traballa nunha nova edición de Ocioleiros

Páxina 18

Máis de 500 escolares participan no Programa de natación

Páxina 17

Comeza unha nova edición da Hora do Conto nas bibliotecas municipais

Páxina 19

As obras do «Escorial»

■ As obras de ampliación da N-VI acumulan, incomprensiblemente, un retraso de 10 meses na execución dos seus traballos. Esta vía é un dos principais accesos á cidade da Coruña e trátase dunha infraestrutura de vital importancia para toda a comarca. O Ministerio de Fomento está a demostrar unha falta total de interese nesta obra. O Goberno local solicitará novamente á Dirección Xeral de Estradas que destine os recursos necesarios para concluír dunha vez os traballos.

Páxina 4

O teatro e a música centran a oferta cultural

O teatro e a música en directo centran a oferta cultural do Concello para o último trimestre do ano. A programación municipal inclúe interesantes concertos e unha ampla variedade de pases teatrais que se levarán a cabo ao longo dos próximos meses nos distintos auditorios do municipio. A oferta complétase con espectáculos de humor e eventos de temporada como a Feira do mel.

Páxinas 20 e 21

Como saber
onde
está todo
en
Oleiros

AXENDA
Páxina 23



Alternativa dos Veciños

Á ABORDAXE

A terra está sufrindo fortes tormentas e maremotos, xerados por aqueles que co dominio das novas tecnoloxías, saquean as materias primas dos países máis desfavorecidos, controlan os cartos que dirixen as políticas do mundo e incluso, fóra do planeta, cos satélites, espían calquera situación que resulte perigosa para os seus intereses.

Na península ibérica esta climatoloxía está a afectar gravemente á navegación. Atopámonos sen rumbo, nun barco á deriva cuxo capitán está desnortado,

recluído no seu camarote, obnubilado polo cargo adquirido, carente dos compases precisos para enfiar unha dirección correcta e cuns sobrecargos agachados na bodega totalmente mareados pola ondada que orixina a falta de control do navío a mercé do vaivén das ondas.

Se a este capitán e a estes sobrecargos lles sumamos a clase de tropa que compón a mariñeira, recrutada nas peores tabernas e arrabaldes dos portos, podemos augurar, sen medo a equivocarnos, que a travesía

vai ser moi dura e longa, con risco de que o barco se vaia a pique, aínda que, de non ser así, ninguén nos salvará dos corsarios que asexan nos océanos, piratas sen escrúpulos que asaltan os bancos (perdón, os barcos), dos baluartes da coroa cuxos vicerreis non dubidan en entregalo todo a cambio dunha pequena participación no botín para ir “sobrevivindo”.

Ante esta lamentable e caótica situación a cidadanía temos dúas opcións: ou resignarnos, o que nos levará á ruína e á miseria, ou rebelarnos contra

os servís lacaios das grandes potencias, antes de que os piratas se fagan con todo. A nosa forza é a unión e xuntos podemos enderezar o rumbo do barco, para iso temos que cambiar o capitán e toda a tropa que o acompaña e cando amaine a tormenta arriaremos as velas a todo trazo ata atopar un porto seguro no que poidamos reparar os desperfectos da nave para que poida seguir sendo nexo de unión entre os distintos portos e acadar o progreso e a bonanza social e económica dos distintos baluartes do reino.

Partido Popular de Oleiros / Voceiro do Grupo Municipal do PP no Concello de Oleiros



Balance del primer año de gobierno

El gobierno de Alternativa ha puesto a la venta todas las parcelas municipales sin haber logrado vender una sola en dos años. En el año 2011 el ayuntamiento dejó sin recaudar más de 900.000 mil euros del IBI, por fallos de gestión. Se han subido todas las tasas e impuestos municipales, entre un 4 y un 33%, suprimiendo las deducciones por domiciliación. El supuesto vivero de empre-

sas, anunciado a bombo y platillo, ha sido un absoluto fiasco, después de haber invertido más de dos millones y medio de euros.

El PP apuesta por una política de reducción de gastos sin sentido, (adorno de rotondas, coche oficial, monumentos estafalarios, etc); por la puesta en marcha de un auténtico vivero de empresas; por incentivos al comercio local; por

una empresa municipal de gestión del suelo para construir viviendas en régimen de alquiler, en lugar de malvender parcelas; por una mejora en los servicios básicos (limpieza viaria, recogida de basura, suministro de agua) que presentan graves deficiencias en muchas parroquias.

Desde el PP hemos denunciado este primer año de legislatura, que desde Al-

ternativa no se está prestando la debida atención a los asuntos vecinales en las parroquias, como la conservación y dotación de las casas del pueblo, el estado de las pistas polideportivas, carreteras y caminos de titularidad municipal, parques infantiles y zonas verdes. Y seguiremos luchando por una gestión que permita mantener la calidad de vida de nuestros vecinos.

Grupo Municipal Socialista / Voceiro do Grupo Municipal PSdeG - PSOE no Concello de Oleiros



Subida del IBI un 10% durante 10 años en Oleiros

La política económica llevada a cabo por el gobierno del PP está imponiendo una fuerte carga impositiva sobre los ciudadanos, además de drásticos recortes en los servicios públicos asociados al estado del bienestar que se habían logrado en las últimas décadas en este país. Son muchas las voces expertas que avisan que esta política económica no va a lograr otra cosa que ralentizar una economía maltrecha que como avanza por ejemplo

el FMI va a seguir en recesión durante al menos 2 años más. Cada vez hay más población en riesgo de exclusión social, abocada a la pobreza, y cada vez más pequeñas y medianas empresas, comercio, autónomos y clases medias ven como sobre sus hombros recae una carga impositiva que solo contribuye a empeorar la situación de una gran masa social. Fuera de estos recortes quedan las clases privilegiadas e incluso delinquentes

financieros y evasores de capital que son premiados con amnistías fiscales. El gobierno local de Alternativa dos Veciños, con discursos ideológicos supuestamente de izquierdas, sin embargo se apunta a este tipo de política recaudatoria, ya que desde que comenzó la legislatura, su mayoría absoluta le ha permitido aprobar pleno tras pleno aumentos, a veces escandalosos, en las tasas municipales e impuestos, así como cobrar a los oleirenses hasta por

aparcar en las playas del municipio. Pero además parece que quieren demostrar ser más “PePeros” que el PP, ya que al decreto del gobierno de Rajoy que impone que los municipios españoles suban el IBI a los propietarios de viviendas un 10% durante dos años, Alternativa ha aumentado de forma voluntaria y entusiasta, que esta subida en Oleiros no sea de 2 años sino de 10. Esta no es la manera.

Bloque Nacionalista Galego / Voceiro do Grupo Municipal do BNG no Concello de Oleiros



Empresas, emprego e contratos do Concello

As administracións públicas son importantes xeradores de actividade económica e emprego. Cando os contratos de obras e servizos se sacan en grandes paquetes estase a beneficiar ás grandes empresas foráneas que non crean emprego local ou subcontratan á baixa con pequenas empresas e os beneficios vanse para fóra,

dando, en xeral, unha baixa relación de coste/calidade no servizo. Se posibilitamos que os contratos públicos sexan asumibles directamente pola pequena e mediana empresa local estamos contribuíndo á creación de emprego de calidade e a que riqueza se fixe no territorio, o que finalmente tamén acaba repercutindo positivamente nas arcas

municipais. O BNG ven esixindo que, cando non sexa posible a execución directa, o Concello saque a concurso contratos (piscinas, mantemento de sistemas de vixilancia (100.000), parques e xardíns, etc.) en paquetes máis reducidos asumibles polas empresas locais, facilitando así a súa participación directa.

Probablemente a xestión administrativa se complique algo pero é un esforzo ó que está obrigado o goberno municipal, máxime na actual situación de crise económica, en aras do desenvolvemento económico local, a incentivar a competencia, a creación de emprego e a mellora da calidade do servizo, así como a redución de costes.

EDITORIAL

● Monopolios e abuso de posición dominante de gobernantes e ex-gobernantes

◆ A ascensión de Fenosa, Telefónica, Repsol... a posicións punteiras contou coa colaboración obrigada do pobo, que pagou unha peaxe gravosa para que estas empresas, supostamente nadas con vocación de servizo, puidesen desenvolver os seus plans expansivos. Foron alleadas terras por importes ridículos que a miúdo non chegaban a ser satisfeitos. Fenosa semellaba ter dereito de pernada pasando os cables de alta tensión polos lugares que conviñan á súa conta de resultados, Telefónica ten sementado de postes as marxes de todos os camiños e estradas cando o soterramento xa é ademais dunha necesidade, un dereito.

Os tributos medioambientais que ten pagado Galicia para producir enerxía eléctrica son descomunais. Aldeas e vilas con todo o seu patrimonio, as súas terras fértiles, con toda a súa historia, o pasado, a pegada dos devanceiros asolagados baixo as augas dos pantanos. Ríos que viron como a súa potencia na biodiversidade se reduciu drasticamente, desaparecendo anguías, londras, salmóns por mor das represas. As térmicas son os focos de emisión de CO2 máis grandes da península e o seu impacto alcanza a producir acidificación en toda a comunidade. Iso sen contar a exposición permanente ao perigo que ten a nosa costa de que se repitan desastres como os do Urquiola, o Mar Exeo, o Prestige...

Todo isto podería ser contemplado como un tributo, unha peaxe obrigada para acceder ao progreso se co paso do tempo vísemos que os grandes monopolios apostan pola modernización e a humanización dos seus servizos. Pero lonxe de devolver aos galegos unha parte dos recursos que lles proporcionan con todo ese custo medioambiental para o exercicio da actividade empresarial o certo é, que os galegos, pagamos a luz e a gasolina máis caras da península sendo como somos a comunidade máis exportadora de enerxía, a primeira potencia en enerxía eólica, en biomasa e tamén en produción de etanol.

A ese trato prepotente temos que sumarlle o abuso e a impiedade con que actúan cando cortan sen autorización por riba da autoridade municipal, cando se negan a desprazar dos vieiros e estradas postes perigosos ou cando utilizan malas prácticas e deslealdade coa competencia obstaculizando a libre elección doutros provedores cando non o exercicio de compañías do sector con dereito a utilizar cables de telefonía que xa é patrimonio público amortizado cen veces.

O seu discurso de déficit nos importes facturados para xustificar subidas salvaxes, non se soporta nun contexto de cultura de empresa que non contempla o investimento en modernización, en plans de soterramento, en innovación tecnolóxica para loitar contra o cambio climático, para contaminar menos. Os fíos de telefónica que serven internet a prezo de ouro, son os mesmos que levaron o primeiro teléfono da aldea á consulta do médico, aló polos anos sesenta. E mentres seguimos a sufrir o abuso de posición dominante na aplicación de políticas en contra do interese público, vemos

como os seus consellos de Administración se nutren cunha lexión de políticos sen escrúpulos que atopan nestes monopolios un retiro dourado en pago ao seu trato de favor no pasado.

Así Eduardo Zaplana (ex-presidente da comunidade autónoma de Valencia, ex-ministro de Traballo), é adxunto ao secretario xeral de Telefónica, privatizada en gran parte no primeiro goberno de Aznar, unha compañía coa que teñen un contrato oito ex-ministros. Unha compañía, que por certo, a través do seu presidente Cesar Alierta, deu o visto e prace para a renovación do contrato ao seu delegado representante en EE.UU. e xenro do rei, Iñaki Urdangarín, quen, a pesar dos graves delitos que se lle imputan, seguirá cobrando 1,5 millóns de euros anuais máis outros 1,2 de retribución en especie pero iso si, se é condenado indemnizáraselle con 4,5 millóns de euros. Josu Jon Imaz (ex-presidente do PNV) foi nomeado presidente de Petronor, cuxo accionista principal é Repsol.

José María Aznar, á parte dos beneficios que recibe como ex-presidente, é conselleiro de Endesa, (privatizada en parte durante o seu mandato), como tamén Miguel Roca e Elena Salgado, Felipe González é conselleiro de Gas Natural, Javier Solana e Carmen Becerril de Acciona, Marcelino Oreja de FCC...

Non debemos esquecer tampouco a Piqué, ex-ministro tamén de José María Aznar, nomeado presidente da aeroliña de baixo custo Vueling (Iberia) e quen actualmente compaxina esta presidencia coa súa participación no consello de administración de Applus e a presidencia do Círculo de Economía de Catalunya, ademais, desde febreiro de 2012, o presidente do goberno Mariano Rajoy nomeouno representante do Estado no Consello de Administración do xigante aeronáutico europeo EADS, dono de Airbus.

Rodolfo Martín Villa presidiu Endesa, Ardanza Euskaltel, Narcís Serra La Caixa...

Quedaríanos por falar dos bancos, no accionariado dos monopolios, con Bankia á cabeza, en cuxos consellos de Administración e mesmo na dirección nidifican a gran maioría dos que buscan na política un choio: Acebes, Rato, Boyer, Isabel Tocino e un etcétera inacabable de ex-ministros, secretarios de estado e directores xerais do goberno de José María Aznar.

A estratexia de cobrar dez millóns ao ano (Alierta), a estratexia de traballar con información privilexiada (Villalonga), ou adxudicarse indemnizacións blindadas para cando sexa oportuno abandonar o barco (Méndez, Rato, etc.) son as prácticas que están intranquilizando unha sociedade sorprendentemente pacífica grazas á solidariedade dos que menos teñen. Estamos nun contexto no que é pedir moito que traguemos co abuso de posición dominante dos monopolios. É a hora de facer valer, unidos, os nosos dereitos.

O Concello contratou obras e servizos por máis de 4 millóns de euros no que vai de ano

◆ O Concello de Oleiros contratou no que vai de ano obras e servizos por valor de máis de 4 millóns de euros. Estas contratacións de diversa índole abarcan desde melloras na pavimentación de rúas ata investimentos para minimizar o consumo enerxético, pasando por contratos de limpeza viaria ou de praias.

• Medidas de aforro enerxético	99.647 euros
• Subministración de enerxía eléctrica	1.560.000 euros (lote 2 1.155.444 lote 1 405.016 euros)
• Reposición de servizos afectados N-VI	321.346 euros
• Compra de vehículo para a Policía Local	30.000 euros
• Proxecto de urbanización no Porto de Santa Cruz (POL-9)	366.141 euros
• Aumento do servizo de limpeza viaria	1.120.000 (por 4 anos)
• Expropiación para a mellora da praia de Naval	54.450 euros
• Limpeza de vías municipais	130.565 euros (por 2 anos)
• Limpeza de praias	163.803 euros
• Renovación de sistemas e equipos informáticos	170.000 euros
• Contrato para desatranco e limpeza de sumidoiros	23.976 euros
• Reposición de camiños municipais	141.812 euros (por 2 anos)
• Compra de material eléctrico	151.040 euros (por 2 anos)
• Renovación da caldeiraría e valvuleiría do depósito de Monte do Sino	55.989 euros
• Renovación da capa de rodaxe na rúa Pilar Estevez Diéguez	153.380 euros
• Proxecto de urbanización SUD-1	72.266 euros
• Sistemas de seguridade	100.000 euros (por 4 anos)
• Explotación da Casa do Argentino	25.488 euros de canon anual para as arcas municipais



As obras de ampliación da N-VI acumulan un retraso de 10 meses

◆ As obras de desdoblamento da N-VI que está a levar a cabo o Ministerio de Fomento acumulan un retraso de 10 meses. Estes traballos deberían estar rematados desde novembro do pasado 2011, segundo a previsión do propio Ministerio, que fixaba o prazo de execución en 26 meses. Trátase dunha obra de vital importancia, non só para o municipio, senón para toda a comarca da Coruña, xa que a N-VI é unha das principais entradas e saídas de vehículos xunto coa A-6 e a AP-9. O proxecto de ampliación da N-VI ao seu paso por Oleiros data do ano 2004. O ritmo dos traballos está a ser moi lento nos últimos meses e o Goberno local esixirá novamente á Dirección Xeral de Estradas do Estado que axilice esta importante obra.


O Goberno local solicita a canalización de postes entre Lucín e Montrove ▼

◆ O Concello de Oleiros solicitou á Consellería de Industria a canalización do tendido eléctrico que desde o lugar de Lucín, en Perillo, chega ata a localidade de Montrove. O obxectivo é que se leve a cabo a retirada dos postes obsoletos situados nas beirarrúas e que impiden o libre tránsito de persoas. Por lei, a empresa eléctrica Fenosa esta obrigada a canalizar a súa rede de distribución nas zonas urbanas, moito máis cando a rede de postes sofre unha grave deterioración, o que provoca un grave risco para os viandantes.

O Concello leva a cabo as obras de illamento individual nas naves do viveiro de empresas ▼

◆ O Concello de Oleiros está a realizar as obras de illamento individual interior das 20 naves recentemente construídas no polígono comercial de liñas postas a disposición de novos emprendedores e de empresas xa situadas no municipio que desexen mellorar a súa infraestrutura a través deste servizo. A falta de illamento provocou que algunhas das persoas interesadas rexeitasen a posibilidade de trasladarse a este novo recinto municipal. Os interesados e interesadas no uso destas naves pode informarse das condicións de cesión no Centro Municipal de Formación Isaac Díaz Pardo, situado na urbanización Os Regos.

O Concello presentará o documento ▼ refundido do Plan xeral



■ Pegada sonora previsible e incluída no estudo de impacto medioambiental da revisión do Plan director de Alvedro

◆ O alcalde de Oleiros e técnicos municipais reuníronse coa responsable de Urbanismo da Xunta de Galicia para informala de que o Concello vai presentar o documento refundido do Plan xeral no que se recollerán aqueles casos que quedaron pendentes tras a resolución do 11 de marzo de 2009 da Xunta de Galicia e que afectaba á clasificación dalgúns núcleos urbanos amparados no PXOM de 1985 e no de 1995 e a nova afección da pegada sonora do aeroporto de Alvedro, que na actualidade afecta a máis de dous millóns de metros cadrados nas zonas de Montrove, Santa Cruz e Dorneda.

Nesta reunión mantida cos responsables da Consellería demandouse que ante a nova lei do solo que a Xunta prevé aprobar se definirá a postura do Goberno autonómico en relación aos citados núcleos afectados, asumíndose a aceptación como urbanos daqueles que xa foran cualificados como tal nos planes anteriores, e estudar un por un e de forma pormenorizada o resto dos casos. Así mesmo, solicitouse á responsable de Urbanismo da Xunta que xestionase ante a Dirección de Aviación Civil do Ministerio de Fomento para que o organismo definise dunha vez por todas a pegada sonora que prevalecerá no futuro e, que, segundo lle consta ao Concello por contactos mantidos con técnicos do propio Ministerio, circunscribírase ás inmediacións da N-VI e non ata o límite da parroquia de Dorneda como consta na actual pegada. O alcalde solicitou á directora xeral que se levase a cabo esta xestión con rapidez, xa que ata que non se realice é imposible presentar o documento refundido.

O novo local para os pensionistas de Maianca e Serantes xa está en funcionamento ►

◆ Púxose en servizo o novo local dedicado como aula e centro social para os xubilados e xubiladas das parroquias de Serantes e Maianca. O local está situado na segunda planta da casa do mar de Mera, que aínda se atopa en remodelación nalgúns zonas. García Seoane, durante unha das reunións mantidas cos responsables de Benestar, solicitou persoalmente á conselleira Beatriz Mato que axilizase as obras do local, xa que este amplo colectivo de Mera desenvolvía en precario a súa actividade nun habilitado temporalmente polo Goberno municipal na praza Ana Kiro como solución de urxencia.



O paseo marítimo de Mera xa é o paseo Manuel Rial, en honor ao párroco ►

◆ O paseo marítimo de Mera xa é o paseo Manuel Rial, en honra ao que fora párroco das parroquias Maianca e Serantes durante décadas. Manuel Rial é unha persoa moi querida no municipio xa que levou a cabo un intenso labor social. Rial mantivo e mantén unha estreita relación cos veciños e coas asociacións locais de ámbito cultural, social, educativo e deportivo. O párroco atópase actualmente xubilado, pero continúa colaborando en diversas actividades da localidade e vinculado co labor eclesiástico. A elección de Manuel Rial como nome do paseo marítimo da localidade de Mera foi suxerida por varios colectivos da localidade e conta co apoio das distintas asociacións das parroquias de Maianca e Serantes.



O Concello dedica un parque á matemática María Wonenburger

◆ Oleiros conta cun parque dedicado á matemática María Wonenburger. A zona verde atópase na urbanización Icaria, en Montrove, localidade natal da científica. O parque María Wonenburger é unha zona verde con máis de 10.000 metros cadrados que conserva a vexetación orixinal anterior a que o ámbito fose urbanizado.

Oleiros instala un monumento para denunciar os delitos ambientais ►

◆ A actitude incívica dun reducidísimo número de individuos que coas súas actitudes delituosas se dedican a secar árbores e plantas nos parques e paseos do municipio, actos que levan a cabo con nocturnidade e aleivosía como se de simples delinquentes se tratase, levou ao Concello a denunciar estas actitudes a través dun «monumento» dedicado a este tipo de personaxes. Os autores destes actos creñe únicos propietarios das rúas, parques e zonas verdes nas que residen. O acto deste tipo máis grave recentemente realizado levouse a cabo no fronte da baía de Mera, na zona verde existente entre o paseo e o edificio A Perla onde se envelenaron catro palmeiras de grande envergadura e diversas plantas.

Neste lugar instalouse unha árbore de ferro de máis de catro metros de altura. Na estatua pódese ler unha lenda que di: «Aos delinquentes ecolóxicos. In memoriam». A peza pretende concienciar a cidadanía de Oleiros da gravidade destes actos e animar os veciños e veciñas a denunciar os causantes destes delitos. A réplica desta figura instalárase naqueles outros lugares do municipio nos que se cometa este tipo de delitos medioambientais.



A Fundación Amancio Ortega financia o mobiliario da nova escola infantil de Mera



■ *O Concello de Oleiros agradece a implicación da vicepresidenta da fundación, Flora Pérez Marcote, neste proxecto.*

◆ *Xa é unha realidade a posta en servizo da nova escola infantil do municipio situada en Mera. Tras diversas reunións entre a Consellería de Benestar e o Concello de Oleiros, 41 nenos e nenas que estaban en lista de espera para acceder a unha das escolas infantís do municipio poderán gozar deste servizo. O edificio, que fora restaurado e acondicionado como escola infantil polo Goberno local cun investimento de 240.000 euros, encontrábase pendente de equiparse co mobiliario necesario debido á incerteza que existía por parte da Xunta respecto á apertura ou non da escola de cara a este curso.*

A través das xestións realizadas pola Alcaldía de Oleiros ante a Fundación Amancio Ortega co obxectivo de que esta institución colaborase na dotación de mobiliario, a fundación facilitou todo o necesario para a posta en uso. Cun investimento de 50.000 euros. O Concello agradece a implicación persoal da vicepresidenta da fundación, Flora Pérez Marcote, neste proxecto, xa que a doazón do mobiliario redundará no beneficio de todos os nenos e nenas que utilicen este equipamento.

Adxudicada a redacción do proxecto do futuro colexio de Nós

■ *Prevese que estea construído a finais de setembro de 2013 para que poida entrar en servizo no curso 2013-2014.*

◆ *A Xunta de Galicia adxudicou a redacción do proxecto construtivo do novo colexio de Nós. En reunións mantidas entre o alcalde de Oleiros e os responsables da Consellería de Educación estes comprometéronse a sacar a contratación das obras do novo centro educativo antes de finalizar o ano.*

O edificio, que contará con 18 aulas cos seus correspondentes servizos terá un custo inicial superior aos tres millóns de euros. O centro educativo levantarase nunha parcela de máis de 11.000 metros cadrados adquiridos no seu día polo Concello cun investimento de 300.000 euros. O colexio, que se construírá ao longo deste ano e do 2013, prevese que poida estar construído antes do próximo setembro para que poida entrar en servizo no curso 2013-2014.

A construción do novo colexio de Nós, ademais de incrementar o número de prazas escolares do municipio, permitirá aliviar a carga de alumnos e alumnas nas aulas dos colexios A Rabadeira, Valle Inclán, Isidro Parga Pondal e Luís Seoane.



A Xunta concede 3 cursos de formación dos 7 solicitados por Oleiros




◆ *A Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia concedeu tres cursos de formación dos sete que solicitara o Concello de Oleiros para impartir nas instalacións do Centro Municipal de Formación Isaac Díaz Pardo e do Pazo A Carballeira. Os cursos demandados por Oleiros centráronse nas especialidades con máis demanda no mercado laboral dentro das ofertadas. Estas foron cociña, montaxe e mantemento de instalacións solares térmicas, escaiolista, financiamento de empresas, instalación de mobles, cursos auxiliares en viveiros, xardíns e centros de xardinería e atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais. De todas estas especialidades só foron concedidos os cursos de Formación en Montaxe e Mantemento de Instalacións Solares Térmicas, Instalación de Mobles e o Curso de Auxiliares en Viveiros, Xardíns e Centros de Xardinería.*

Venda de solo municipal ▼

◆ Unha vez concluído o concurso para optar á adquisición de parcelas urbanas de titularidade municipal e quedando varias destas parcelas desertas debido aos numerosos trámites burocráticos, avais e fianzas que se esixían, o Concello informa de que aquelas persoas interesadas poderán adquirir estas parcelas evitando todas as trabas burocráticas que anteriormente impedían a posibilidade de compralas. O único trámite necesario é formalizar a solicitude por escrito do solar sobre o que existe interese e este adjudicarase de forma directa. O prezo das distintas parcelas é o seguinte:

Nº	Parcela	Ámbito	Prezos con IVE incluído
1	2.6	Peri-7 Cancelas Perillo	176.502'09 €
2	Z.1-2	SUNP A-37 – Iñàs	118.085'25 €
3	Parcela 51	Punxeiro – Mera	110.839'73 €
4	Parcela 6.1	P.P. Canide	203.822'53 €
5	Parcela 6.2	P.P. Canide	194.557'87 €
6	Parcela 6.3	P.P. Canide	194.557'87 €
7	Parcela 6.4	P.P. Canide	194.557'87 €
8	Parcela 6.5	P.P. Canide	185.293'21 €
9	Parcela 6.6	P.P. Canide	185.293'21 €
10	Parcela 6.7	P.P. Canide	185.293'21 €
11	Parcela RUP-4	P.P. Canide (8 vivendas)	1.133.199'30 €
12	M-11.11	SUP 4R Oleiros	141.839'00 €
13	M-11.12	SUP 4R Oleiros	141.839'00 €
14	M-11.13	SUP 4R Oleiros	133.229'00 €
15	1.033	P.P.-6 Oleiros (5 vivendas)	567.355'00 €



Venda de solo no campo de golf ▼

◆ Diversos veciños e veciñas propietarios de terreos no ámbito da urbanización do campo de golf puxeron á venda as súas fincas, o que lles permitirá aos compradores participar na xunta de compensación e así obter os solares que polas propiedades que se adquiren poidan pertencer aos integrantes da dita xunta de compensación. Todas aquelas persoas interesadas en poder vivir nun futuro no contorno do campo de golf teñen unha interesante opción. O motivo da venda por parte da maioría destes propietarios é que son persoas maiores que non queren participar na xunta de compensación. No portal web municipal do Concello de Oleiros pódese consultar unha listaxe co contacto dalgúns destes vendedores.



Goza do teu can, cumpre coas túas obrigas





Oleiros detecta diversos casos de fraude fiscal ▼

◆ O Concello de Oleiros está a detectar diversos casos de fraude fiscal. Trátase de diversos propietarios de casas e parcelas urbanas que no catastro da Facenda Pública do Estado non figuran os seus datos e as propiedades aparecen como de titularidade descoñecida. Isto evita pagar o imposto sobre bens inmobles (IBI), así como outras taxas e impostos por servizos públicos. Estas propiedades, maioritariamente de segunda residencia, nalgúns casos levaban máis de 20 anos defraudando a Facenda municipal e a Facenda do Estado.

En todos os casos detectados estase a proceder conforme a lei para regularizar as situacións dos expedientes de recoñecemento de débeda, así como os correspondentes expedientes sancionadores. O Concello de Oleiros lamenta este tipo de actuacións incívicas e defraudadoras daqueles que están a gozar do noso municipio a costa do conxunto da cidadanía que si cumpre coas súas obrigas.

O Goberno recorda a obriga de limpar as fincas urbanas ▼

◆ A limpeza de maleza das fincas urbanas é unha obriga dos seus propietarios, especialmente naqueles casos de parcelas situadas en solo urbano e nas que a acumulación de maleza nestas pode carrear algunha desgraza. O Concello recorda a necesidade de levar a cabo este tipo de tarefas de forma regular para evitar sancións.

Moitos son os veciños que ao ser requiridos para realizar esta limpeza solicitan un retraso na execución dos traballos por non encontrar persoas ou empresas que se dediquen a esta actividade. O Concello de Oleiros ten a disposición daquelas persoas interesadas unha listaxe co contacto de empresas e autónomos que se dedican a este tipo de tarefas. A listaxe pode ser consultada a través do portal web municipal.



Aberto ata o próximo 20 de novembro o segundo prazo do calendario fiscal

◆ O segundo prazo do calendario fiscal do Concello de Oleiros permanecerá aberto ata o próximo 20 de novembro. Durante este período poderanse aboar o IAE (imposto sobre actividades

económicas) o IBI-U (imposto sobre bens inmobles urbanos) e o IBI-R (imposto sobre bens inmobles rústicos).

A Policía Local de Oleiros conta cun novo coche patrulla ►

◆ A Policía Local de Oleiros conta cun novo vehículo que realizará as funcións de coche patrulla. O Concello decidiu adquirir este todoterreo para mellorar o parque móbil da Policía Local e substituír un dos outros dous coches tracción total en uso. O novo coche patrulla é un Hyundai totalmente equipado para o labor policial. O investimento total neste coche e o equipamento foi de 29.000 euros.



Deposita os teus aceites usados no punto limpo
Aberto de luns a sábado • Máis información **981 610 000**

Recollida de aceites usados para hostaleiros
Solicita o teu contedor de 60 litros gratuitamente
a través do **981 606 952**

O Concello analiza o uso das bibliotecas municipais

◆ O Concello de Oleiros acaba de realizar un estudo sobre o uso da Rede Municipal de Bibliotecas. O dito estudo ten por obxectivo sacar un maior rendemento cultural e educativo ás instalacións e potenciar aquelas bibliotecas cun maior número de usuarios e usuarias. Tamén para analizar a posibilidade de ampliar os horarios nas máis utilizadas e reducilas naquelas con menos uso. Cabe recordar que o Concello de Oleiros recibiu no presente exercicio dous importantes premios pola calidade das súas bibliotecas. Trátase do premio María

Moliner concedido polo Ministerio de Cultura, máximo galardón a nivel nacional, e o Premio Irmandade do Libro, concedido á Biblioteca Central Rialeda pola Federación de Libreiros de Galicia.

A 1 de xaneiro de 2012 figuran rexistrados nas oito bibliotecas de Oleiros 137.411 libros e 13.793 materiais especiais (DVD, CD, CD-Rom, etc.), en total 151.204 fondos.

BIBLIOTECA	Total de fondos/Ano 2011 (libros+materiais especiais)	Total de libros Ano 2011	Total de materiais especiais/Ano 2011	% de libros automatizados	% de audiovisuais automatizados
Rialeda	56.342	48.238	8.104	94%	58%
Santa Cruz	24.413	22.445	1.968	93%	55%
Oleiros	11.186	10.832	354	92%	63%
Dorneda	11.972	11.429	543	92%	72%
Mera	15.860	14.940	920	80%	58%
Lorbé	10.436	9.887	549	93%	53%
Montrove	9.764	9.112	652	95%	78%
Nós	11.231	10.528	703	84%	54%
TOTAIS	151.204	137.411	13.793		

◆ A localización dos fondos automatizados pode consultarse a través de internet na páxina web municipal www.oleiros.org, no blog das bibliotecas <http://bibliotecasoleiros.blogspot.com> ou a través do catálogo da Rede de Bibliotecas de Galicia <http://bmpg.rbgalicia.org/oleiros>.

Segundo os datos e estatísticas o número total de socios e socias nesa data é de 16.660, o que significa que houbo un aumento con respecto ao ano anterior do 8,5%. De xaneiro a maio de 2012 houbo un aumento de 368 persoas. En total, neste momento 17.028 persoas son socias dalgunha das bibliotecas municipais de Oleiros, un 49% da poboación total do concello.

Durante o ano 2011 utilizaron as bibliotecas e usaron algúns dos seus fondos 87.907 usuarios e usuarias, un 4,2% máis que o ano anterior, e prestáronse para o domicilio 69.921 fondos bibliográficos, o que significa un aumento dun 5% con respecto ao ano anterior.

Análise destes datos por bibliotecas:

BIBLIOTECA	Total de usuarios Ano 2011	% de usuarios/as con respecto ao total das oito bibliotecas	Total de socios Ano 2011	aumento de socios/as en % con respecto ao 2010	% de socios/as con respecto ao total das oito bibliotecas
Rialeda	50.125	57%	8.992	6,7%	54%
Santa Cruz	13.907	16%	3.095	14%	18,5%
Oleiros	3.331	3,8%	1.159	7%	7%
Dorneda	6.993	8%	776	8%	4,6%
Mera	5.867	6,6%	1.512	8,2%	9,1%
Lorbé	1.271	1,4%	311	5,7%	1,9%
Montrove	1.836	2%	245	15%	1,5%
Nós	4.577	5,2%	570	12,4%	3,4%
TOTAIS	87.907		16.660		

BIBLIOTECA	Préstamos totais durante o ano 2011	% de préstamos con respecto ao total do ano 2011
Rialeda	39.889	57%
Santa Cruz	13.147	19%
Oleiros	1.917	2,7%
Dorneda	4.325	6,2%
Mera	4.610	6,6%
Lorbé	1.230	1,7%
Montrove	1.578	2,2%
Nós	3.225	4,6%
TOTAIS	69.921	



A nova sede electrónica do Concello de Oleiros permite levar a cabo 22 trámites sen necesidade de desprazarse ao consistorio ▼

◆ O Concello de Oleiros, dentro do seu proxecto Oleiros, cara á Administración Electrónica e unha vez aprobada a Ordenanza municipal reguladora da administración electrónica, pon en marcha a súa nova Sede Electrónica. A través desta plataforma dixital os veciños e veciñas e aquelas empresas que traballen para o Concello poden realizar numerosos trámites electrónicos sen necesidade de visitar a Casa do Concello, o que supón un aforro de tempo e axiliza enormemente os trámites administrativos.

Esta fiestra dixital á Administración conta inicialmente con 22 trámites dispoñibles, 14 para cidadáns e 8 para provedores, pero esta cantidade irase incrementando progresivamente a medida que se cumpran fases da posta en marcha do Plan de Administración Electrónica do Concello de Oleiros. A nova sede electrónica dispón de sistemas que permiten o establecemento de comunicacións seguras sempre que estas sexan necesarias. Para isto, o portal establece o Rexistro Electrónico en 5 trámites para os que é necesaria a identificación e sinatura mediante e-DNI, ou certificado dixital da Fábrica Nacional de Moeda e Timbre. A novidosa ferramenta, á que se pode acceder de forma sinxela desde a portada do portal web municipal, inclúe os servizos da Carpeta Cidadá, o Portal do Proveedor e Portal de Notarías e Xestorías.



Carpeta Cidadá

◆ A través da nova sede electrónica os veciños e veciñas de Oleiros poderán realizar numerosos trámites de forma telemática. Os trámites que se ofrecen na actualidade son os seguintes:

1. avisos de avaría
2. certificado de convivencia
3. certificado de empadramento
4. cita con urbanismo
5. domiciliación bancaria
6. inscrición de animais perigosos
7. queixas ou suxestións
8. recollida de mobles
9. solicitude de autorización municipal para ocupar a vía pública
10. solicitude de instalacións deportivas
11. solicitude de licenza municipal para a tenencia de animais perigosos
12. solicitude de preinscrición en actividades ocupacionais
13. solicitude de preinscrición en cursos de informática para maiores de 60 anos
14. solicitude do pin da carpeta cidadá

Portal do Proveedor

◆ O Portal do Proveedor é a plataforma telemática que permite aos provedores municipais realizar trámites por medios electrónicos co Concello de Oleiros. Desde este portal ofrécense os seguintes servizos:

1. consulta de datos: datos do provedor, contas bancarias, facturas, avais e fianzas
2. expedición automática de documentos: certificado de retencións IRPF, facturas do provedor e declaración de operacións de máis de 3005,06 euros
3. tramitacións en liña
4. consulta e seguimento das tramitacións en liña

Cartafol de Notarías e Xestorías

◆ O Portal de Notarías e Xestorías é a plataforma telemática que permite a notarías e xestorías realizar trámites por medios electrónicos co Concello de Oleiros. Esta aplicación ofrece os seguintes servizos:

1. xeración de autoliqidacións de IVTM
2. pago telemático de autoliqidacións
3. expedición de documentos: carta de pago e xustificante de pago telemático das autoliqidacións
4. validación de documentos: carta de pago e xustificante de pago telemático das autoliqidacións



O Goberno local leva a cabo un proxecto de mellora de seguridade viaria en todo o municipio ▼

◆ O Goberno municipal procederá á contratación dun proxecto de mellora integral de seguridade viaria en todo o municipio. Neste proxecto tratarase a creación de novos pasos de peóns, o repintado dos existentes, a mellora da sinalización vertical e o repintado da horizontal coa indicación de novas directrices que regularán o tráfico na maior parte dos núcleos de poboación do Concello. O obxectivo deste conxunto de obras é mellorar a seguridade dos peóns, polo que en case todas as urbanizacións e núcleos urbanos de alta densidade reducirase o límite de velocidade de vehículos. Para iso instalaranse diversas bandas que obriguen a minorar a marcha.

Estas bandas reductoras de velocidade construíranse con ramplas de lonxitude suficiente como para evitar posibles danos ou a deterioración dos vehículos. Ademais, algúns dos pasos de peóns situados nas zonas de maior tránsito de vehículos serán iluminados para que os condutores perciban a localización do paso con suficiente distancia para evitar riscos. Con este investimento de máis de 100.000 euros en seguridade o Goberno local quere contribuír a minimizar os riscos para nenos e nenas, persoas maiores e en xeral toda a cidadanía que use as beirarrúas nas zonas urbanas das localidades e nas comunicacións entre os distintos núcleos de poboación.

Os traballos que se realizarán, un a un:

- **Rúa Doctor Fleming:** Repintado de liña amarela e pintado dun paso de peóns.
- **Avenida María Pita:** Sinalización das paradas de autobús existentes en Cabreira e pintado de liña amarela. Pintado de dous pasos de peóns na rotonda de Canide.
- **Avenida Palestina e rúa Gaza:** Pintado de dúas illas e pintado de dous pasos de peóns na intersección coa avenida Morro de Canide.
- **Avenida Tierno Galván:** Pintado dun stop con liña de parada á altura da rúa da Braña e pintado de liña branca de borde da calzada, nun lado continua e noutro descontinua.
- **Rúa Abeleiras:** Repintado de paso de peóns.
- **Urbanización Rialta:** Reposición de bandas de goma.
- **Rúa Concepción Arenal:** Pintado dun paso de peóns na intersección coa rúa Emilia Pardo Bazán.
- **Rúa do Mar:** Colocación de bandas reductoras da velocidade e pintado de paso de peóns. Pintado do eixe e dos bordes da calzada en pintura branca desde a altura da rúa Agueira ata o cruce de Breixo.
- **Rúa Seixo:** Pintado do eixe e dos bordes da calzada en pintura branca.
- **Rúa do Moucho:** Pintado dunha rotonda nas inmediacións do complexo deportivo municipal de Dorneda.
- **Rúa Cormorán:** Pintado dun novo paso de peóns e repintado de dous existentes. Colocación de dous sinais de limitación a 30 km/h na entrada da urbanización.
- **Rúa Ocaso coa avenida Che Guevara:** Pintado de paso de peóns e repintado de liña.
- **Rúa do Areal na intersección coa N-VI:** Pintado dun paso de peóns.
- **Rúa Romeu con avenida Valle Inclán:** Pintado dun paso de peóns.
- **Glorieta de Lucín:** Pintado de 4 pasos de peóns nas catro rúas que forman a intersección.
- **Rúa Linneo:** Pintado dun paso de peóns.
- **Rúa Kenia:** Pintado de dous pasos de peóns.



▲ Vistas dos novos sinais de velocidade reducida a 30 quilómetros por hora que o Concello instalará en varios núcleos do municipio

- **Rúa As Avogadas na intersección coa rúa do Cántaro:** Pintado de illas.
- **Avenida Che Guevara:** Repintado da parada do autobús existente na intersección coa rúa Fuxeira. Colocación do panel P-20 «Precaución peóns en calzada estreita» na intersección Aguias- Mioporos.
- **Rúa Beiramar:** Colocación de postes. Colocación dun sinal de limitación de velocidade a 30 km/h na intersección coa avenida das Mariñas e repintado das liñas do eixe, dos bordes e da marca viaria de stop.
- **Rúa das Ondas:** Pintado de praza de estacionamento para persoas discapacitadas.
- **Avenida das Américas:** Pintado de 6 pasos de peóns.
- **Rúa Miradoiro:** Pintado de paso de peóns e repintado de eixe.
- **Avenida Valle Inclán:** Pintado dun paso de peóns repintado de eixe e bordes de calzada.
- **Rúa Rafael Alberti:** Pintado dun paso de peóns.
- **Rúa da Xesteira:** Pintado dun paso de peóns e rebaixe do bordo.
- **Rúa Nogueira:** Paso de peóns elevado.



- **Rúa Suárez Picallo:** Paso de peóns elevado.
- **Rúa Luis Pimentel:** Colocación de banda dura.
- **Avenida Rosalía de Castro á altura do cruce de Lucín:** Repintado de liña amarela en zig-zag nas dúas paradas de autobús existentes e na zona de carga e descarga.
- **Urbanización Os Regos:** Repintado de todos os pasos de peóns e colocación de sinais en toda a urbanización.
- **Rúa Eduardo Blanco Amor:** Creación de paso de peóns elevado.
- **Rúa Concepción Arenal:** Pintado das paradas de autobús existentes no cruce de Coruxo de Arriba.
- **Rúa Marcial Del Adalid:** Colocación de dúas bandas reductoras de velocidade. Pintado dun paso de peóns na intersección coa rúa Casares Quiroga.
- **Rúa Viñas de Babilonia:** Pintado de dous pasos de peóns.
- **Rúa Ventoeira:** Colocación de dous sinais de entrada prohibida.
- **Rúa Eduardo Pondal:** Pintado de bordes de calzada e de frechas de dirección.
- **Urbanización Icaria:** Pintado de pasos de peóns e eixes da calzada e reposición da sinalización horizontal en toda a urbanización.
- **Rúa Codesal:** Sinalización vertical de rúa de sentido único.
- **Rúa Salvador de Madariaga:** Pintado de paso de peóns.
- **Urbanización O Pinar:** Renovación da sinalización vertical.
- **Rúa As Torres:** Repintado de pasos de peóns.
- **Rúa do Saber:** Repintado de pasos de peóns.
- **Avenida Emilia Pardo Bazán:** Repintado de paso de peóns fronte ao colexio Isidro Parga Pondal.

▼ Os pasos de peóns elevados obrigan aos vehículos a reducir a velocidade



▲ O repintado dos pasos de peóns mellorará a seguridade viaria

- **Rúa Romardeiro:** Pintado de 4 pasos de peóns. Colocación de sinais e pintado de liña de borde da calzada.
- **Rúa Follas Novas:** Colocación dunha banda de redución da velocidade.
- **Rúa O Bañil:** Sinalización de sentido único.
- **Rúa das Torres:** Paso de peóns en parada de autobús e recuperación da liña descontinua para acceder á rúa Manuel de Falla.
- **Rúa Manuel de Falla:** Sinalización de zona a 30.
- **Rúa Follas Novas:** Colocación dunha banda de redución da velocidade.
- **Rotonda da Veiga:** Pintado de dous pasos de peóns.
- **Rúa da Gaita:** Pintado dun paso de peóns.
- **Rúa Marte:** Sinal de sentido único na entrada pola rúa Sol.
- **Rúa da Amistade:** Colocación de sentido único.
- **Rúa Xusticia:** Sinal de prohibición de entrada desde a rúa Paz e colocación de sinal de stop.
- **Avenida Miguel Hernández:** Mellora da sinalización vertical nos accesos pola rúa Manuel Murguía, rúa Menta, rúa Anido e polo campo de fútbol.
- **Urbanización Mesón da Auga:** Borrado da liña descontinua en toda a rúa e colocación dun sinal de sentido único e de acceso prohibido.
- **Rúa Cascaxeira:** Colocación de bandas de redución da velocidade.
- **Rúa Bartolomé de las Casas:** Colocación de dúas bandas de redución da velocidade.
- **Rúa O Morrazo:** Repintado de 5 pasos de peóns e repintado de rotonda e eixes.
- **Rúa O Piñeiro:** Colocación de dúas bandas de redución da velocidade.

A mocidade poderá tramitar o seu Carné Xove desde o novo Punto Municipal de Información Xuvenil instalado en Santa Cruz



◆ O Concello de Oleiros creou un novo Punto Municipal de Información Xuvenil no Centro de Lecer Portaberta, situado en Santa Cruz na rúa Daniel Castelao, número 5. Esta oficina de información permitirá que os mozos e mozas de Oleiros realicen trámites e se asesoren de diversos temas relacionados co ámbito cultural e de ocio. O obxectivo desta iniciativa do departamento de Xuventude do Concello é ampliar a oferta de servizos para a mocidade.



■ O novo Punto Municipal de Información Xuvenil conta con numerosa información e documentación para os mozos e mozas

O Centro de Lecer Portaberta é agora tamén un Punto Municipal de Información Xuvenil, encadrado dentro da Rede Galega de Información e Documentación Xuvenil da Xunta de Galicia, e dependente do Centro de Información Xuvenil do Concello, sita no C.C. A Fábrica de Perillo. Dentro destes novos servizos que oferta os rapaces e rapazas que así o desexen poden tramitar en Portaberta o seu Carné Xove. O horario do centro é de martes a xoves de 17.30 a 20.30 horas e venres e sábados de 17.30 a 22.30 horas.

O roteiro cultural e literario, un éxito ▼

◆ O primeiro Roteiro cultural e literario organizado polo Sistema de Bibliotecas Públicas Municipais e polo Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Oleiros converteuse nun rotundo éxito. Na actividade participaron máis de 150 persoas, principalmente alumnado e profesorado do IES Miraflores, do IES María Casares e do CEIP Luís Seoane, pero tamén veciñas de Oleiros.

O itinerario comezou no Castelo de Santa Cruz onde Antía Casanova, alumna do IES Miraflores, e Verónica Campos, educadora do Ceida, realizaron unha exposición sobre Emilia Pardo Bazán, para continuar cunha visita guiada polo xardín e as instalacións do castelo con outras educadoras do Ceida.

Posteriormente, as persoas participantes desprazáronse a Mera, para ver os lugares onde veraneou Sofía Casanova, da que falou Sofía Carreira; no Pazo da Carballeira en Nós recibíunos José Manuel Andrade, director da Fundación Juana de Vega, quen explicou aspectos desta insigne muller e as principais funcións da Fundación e Luís Martínez narrou parte da súa biografía.

A actividade finalizou no Pazo do Río, lugar no que Roberto Suárez nos deu a coñecer a vida da actriz María Casares. Antía Casanova, Sofía Carreira, Luís Martínez e Roberto Suárez son alumnos do IES Miraflores que xunto



con outros compañeiros e compañeiras de clase e baixo a coordinación das profesoras Rosa García Vilariño e Mercedes Agra realizaron os textos e o deseño da publicación.



DESMÁRCATE, o programa de radio ▼

Todos os xoves de 13:00 a 13:30 h en Radio Oleiros, programa informativo, de entrevistas e de asesoramento no tema da educación para a saúde e a prevención.

**101.5
FM**

O Concello revisará o uso das tarxetas para aparcamento de persoas con discapacidade ▼

◆ Son moitas as persoas que están a utilizar de forma ilegal as tarxetas que se expiden para facilitar o aparcamento de persoas discapacitadas en zonas autorizadas. As tarxetas que se outorgan son para uso persoal e intransferible das persoas con discapacidade e non para familiares que fan uso do coche. Casos como o recentemente denunciado pola Generalitat de Cataluña ao Concello de Oleiros sobre un cidadán que se desprazou a Barcelona e nesta cidade facía uso dunha tarxeta expedida a nome dun familiar xa falecido, son un exemplo disto. O Concello de Oleiros procederá a facer unha exhaustiva revisión de todas as tarxetas concedidas para evitar este tipo de usos fraudulentos.



A formación do Voluntariado de Oleiros xa está en marcha

◆ A Oficina Municipal de Acción Voluntaria, dependente da Concellería de Servizos Sociais, Sanidade e Consumo, iniciou a súa actividade cunha campaña de captación de persoas interesadas en participar na acción voluntaria.

Para todas esas persoas organizouse un curso básico de formación de acción voluntaria de 10 horas de duración nas dependencias do Centro Municipal de Formación e foi impartido por dous profesionais de recoñecido prestixio neste campo e que recibiu os parabéns da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado polo seu completo programa e o perfil dos docentes.

Tras este primeiro curso manteranse novas entrevistas con todas as persoas participantes para coñecer máis en profundidade a súa dispoñibilidade de horario e preferencias nas actividades a desenvolver. En función destes criterios organizaranse distintos proxectos para que todo o mundo teña a posibilidade de participar en fins de interese xeral. Un destes proxectos vai ser a creación dun grupo de apoio ás/aos coidadoras/es de persoas con dependencia, iniciativa que xorde desde o programa de apoio que xa se está levando a cabo desde Servizos Sociais e que pretende ir un paso máis aló, coa organización dun grupo de persoas voluntarias, que xa pasaron por esa experiencia e que poidan apoiar a xente que se atopa de súpeto nesa situación. Funcionaría como un grupo de axuda mutua co obxectivo de apoiar emocionalmente persoas coidadoras.



Neste primeiro curso participaron un total de 20 persoas, 11 homes e 9 mulleres, de distintas idades e perfíles, o que pon de manifesto que a solidariedade no Concello de Oleiros non entende de sexos, idades, nin situacións persoais. Periodicamente organizaranse novos cursos en función da demanda de persoas que queiran participar no voluntariado, polo que todas as persoas interesadas poden informarse e manter unha entrevista inicial coa técnica responsable da Oficina Municipal de Acción Voluntaria no Departamento de Servizos Sociais.

Máis de 100 colaboradores na Romaría das Merendiñas

◆ Máis de 100 persoas voluntarias provenientes do tecido asociativo de Oleiros fixeron posible un ano máis que a Romaría das Merendiñas fose un éxito. Esta festa, dirixida especialmente ao colectivo de maiores do municipio, é unha xornada especial onde o Goberno local pretende homenaxear a todos os maiores do municipio cunha celebración de marcado carácter primaveral. As Merendiñas representan toda unha festividade en Oleiros, xa que nesta celebración retómase o espírito tradicional. Os veciños e as veciñas xúntanse para celebrar a primavera cunha comida campestre onde a música e a amizade son protagonistas.



Constituído o Club dos Leóns de Oleiros ▼

◆ Nas pasadas semanas constitúese de forma oficial o primeiro Club dos Leóns de Oleiros. Este colectivo, formado por persoas pertencentes a todos os sectores da sociedade oleirense ten como obxectivo contribuír a minimizar as necesidades da comunidade, tanto a nivel local como global. Os Clubs dos Leóns son unha organización

mundial de servizo con máis de 45.000 clubs e 1,35 millóns de membros activos distribuídos en 206 países e áreas xeográficas. O club dos Leóns oleirense reunirse o segundo xoves de cada mes nunha asemblea na que os seus membros proporán distintas actividades que poidan contribuír a mellorar dun modo ou outro a sociedade.

Oleiros investiu o pasado curso 48.000 euros en programas deportivos nos que participaron máis de 3.000 escolares



◆ O Servizo Municipal de Deportes do Concello de Oleiros investiu durante o pasado curso escolar máis de 48.000 euros en programas deportivos escolares cos que logrou mobilizar a máis de 3.000 rapaces e rapazas do municipio. Con este investimento o Concello achegou maior calidade á Educación Física dos nosos escolares e polo tanto do propio sistema educativo, ofertando aos centros a realización de actividades complementarias que doutro xeito non poderían realizar. Este conxunto de actividades está formado polo Programa complementario de educación física para os centros públicos de ensino, o Programa de encontros deportivos intercentros, o Programa dinamizador de xogos tradicionais, a Liga Escolar de Judo e o Programa de actividades extraescolares municipais do CEIP Isidro Parga Pondal.

• 27.652 euros en actividades de verán

Ademais deste investimento no ámbito educativo, o Concello de Oleiros desembolsou 27.652 euros en actividades de carácter deportivo recreativo durante o pasado verán. Un total de 418 rapaces e rapazas participaron nestas iniciativas. Os campamentos deportivos foron a actividade con máis participación ao reunir 213 participantes, seguida polos cursos de kaiak de mar con 110, os xogos no medio acuático con 37 e os cursos de body-board e surf e cursos de remo con 32 e 26 respectivamente.

Mónica Castelo disputou coa selección absoluta de rugby o Campionato de Europa



◆ A oleirense Mónica Castelo foi convocada pola selección española de rugby para o Campionato de Europa que se celebrou na localidade de Rovereto, en Italia, o pasado mes de maio. Mónica, natural de Vilanova, xoga de flanker e anteriormente fora convocada pola Federación Española de Rugby para xogar coa selección B. É unha xogadora en continuo crecemento e a súa participación no europeo sen dúbida contribuíu á súa formación.

Manel Villadóniga gaña un ouro e unha prata no campionato de España de esgrima

◆ O tirador Manel Villadóniga Martín, que milita no Club 100 Tolos con sede en Iñás, logrou a medalla de ouro na modalidade de florete e a prata na de sabre do campionato de España de esgrima de veteranos celebrado en Madrid. Con estas dúas medallas Manel pon o broche de ouro a unha magnífica campaña na que destacou en numerosas probas do calendario. Estes éxitos apoian o traballo que se está levando a cabo desde o novo club 100 Tolos.



Pablo Vasallo, campión do Trofeo Internacional Prestige Issy de París

◆ O patinador Pablo Vasallo, do Club Patinaxe Oleiros logrou unha destacada vitoria no Trofeo Internacional Prestige Issy celebrado en París. Vasallo, que leva patinando máis dunha década a pesar da súa mocidade, xa fora terceiro no Campionato de España Júnior e no propio torneo parisienese no que compiten os mellores patinadores mundiais.



Antía Rodríguez, campioa do mundo de voleibol



◆ Antía Rodríguez proclamouse campioa do mundo de voleibol escolar co IES Castela, centro escolar no que se atopa bolseira e onde militan case a totalidade dos integrantes da selección nacional júnior desta especialidade. Antía logrou imporse xunto ás súas compañeiras de selección ao combinado de Brasil nunha dura final que terminou co resultado de 3 sets a 1 a favor de España. Este Campionato do Mundo disputouse na localidade de Toulón, en Francia.

Catro judokas oleirenses nos campionatos de España



◆ Oleiros tivo unha gran representación nos Campionatos de España de Judo. Catro judokas do Judo Club Oleiros competiron polo título estatal en distintas categorías tras realizar un excepcional papel no campionato galego, no que coparon gran parte dos premios. Aínda que ningún dos catro mozos logrou unha medalla, todos tiveron destacadas actuacións, que sen dúbida lles servirá de experiencia para futuras citas.

Aitor López competiu en categoría cadete de -66Kg, onde a punto estivo de competir pola medalla de bronce. Pola súa banda, Manuel Couce, logrou un meritorio noveno posto na categoría cadete de -90 Kg. Na competición feminina, Silvia Lage participou na categoría de -63 Kg, onde foi moi superior á súa adversaria canaria, aínda que tivo peor sorte que a súa adversaria e quedou fóra da loita polas medallas. Elsa Montero, a máis pequena do grupo, competiu en categoría infantil de -36 Kg, cunha brillante actuación, superando os nervios do seu primeiro campionato de España.

■ De esquerda a dereita, Elsa Montero, Aitor López, Silvia Lage e Manuel Couce durante os campionatos de España

Comeza o Programa complementario de educación física nos centros públicos de ensino

◆ Co comezo do novo curso escolar 2012-2013, o Servizo Municipal de Deportes pon en marcha o seu Programa complementario de Educación Física nos centros de ensino público de Oleiros. Esta actividade arranca a comezos do próximo mes de outubro e durará ata o vidxeiro mes de xuño, coincidindo co final do curso escolar. Distintas unidades didácticas inclúen as disciplinas de escalada deportiva no pavillón municipal de Bastiagueiro, surf e body-board no náutico de Bastiagueiro e o remo e o kaiak de mar na Fábrica.

O obxectivo é complementar a propia materia de educación física, incluíndo unidades didácticas de actividades, que polas súas características materiais e de infraestrutura, os propios departamentos de educación física dos centros non poderían. Deste xeito, o Concello



ademais de favorecer unha formación físico-deportiva máis completa, enriquecedora e diversificada, contribúe a fomentar o coñecemento destes deportes e o uso das instalacións municipais. O Concello de Oleiros financia todo o profesorado especializado que participa neste programa e o servizo de transporte cun investimento que supera os 18.000 euros.



Arranca unha nova edición da Liga Municipal de Fútbol Sala

◆ O próximo mes de outubro comezará unha nova edición da Liga Municipal de Fútbol Sala. Sen dúbida unha das competicións locais con máis seguidores. A competición, que se disputa diariamente na polideportiva municipal de Canide, estará formada por 18 equipos. O Concello de Oleiros conta coa colaboración do Club Mera Fútbol Sala, para realizar as funcións coordinativas e de arbitraje dos partidos.

Máis de 500 rapaces e rapazas gozarán da actividade acuática de natación escolar



◆ Máis de 500 escolares do municipio participarán a partir da primeira semana do mes de outubro na actividade de natación escolar que se leva a cabo nas piscinas municipais da Fábrica, Perillo, Oleiros e Dorneda. Esta actividade de carácter anual está dividida en dous programas distintos, un enfocado ao alumnado de educación infantil e outro destinado a alumnos de primaria. O obxectivo do programa de actividade acuática infantil é contribuír ao desenvolvemento integral do neno como complemento da motricidade básica, mellorando as capacidades físicas, así como contribuír á súa maduración en varios eidos: cognitivo, perceptivo-motriz, expresivo-comunicativo, afectivo e de relación cos demais. Pola súa parte, os eixos básicos da actividade acuática para primaria son contribuír ao desenvolvemento das habilidades e destrezas motrices básicas para conseguir un dominio corporal e postural e coñecer a práctica da actividade acuática como unha saída máis para o lecer e o tempo libre.



O Concello prepara unha nova edición de Ocioleiros ▼

◆ Como todos os anos por estas datas, o Concello de Oleiros está a preparar o programa de actividades de lecer coñecido como Ocioleiros, que no vindeiro ano cumpre a súa XII edición. O Goberno local continúa na procura de ofrecer actividades de todo tipo, deportivas, culturais, formativas, para ocupar o tempo de lecer dos nosos veciños e veciñas. As persoas responsables destas tarefas están a facer unha valoración de todas as propostas, tendo en conta algunhas das demandas que figuraban nas enquisas realizadas ao final da pasada edición.

Por tratarse dun ano economicamente difícil, a Concellería de Cultura do Concello de Oleiros fará unha revisión de prezos de cada grupo, en especial os da xente máis nova, xa que este programa, aínda que é aberto ata os 65 anos, intentamos que sexa a xente máis nova a que máis participe. Por iso vaise ter en conta á hora de establecer o prezo de cada grupo. Non se trata en ningún caso de subir prezos, senón de intentar que as actividades da xente nova, saian máis económicas.

Toda a información para formalizar a matrícula estará dispoñible desde o próximo 20 de novembro ata o 20 de decembro. Esta previsto que as actividades comencen arredor do 20 de xaneiro de 2013. As actividades serán moitas das que xa se veñen realizando, cociña, bailes, pintura, bolos, pilates, escalada, etc. ou outras novas como xogos de mesa, graffiti, hóckey sala, deseño, e máis que esperamos que teñan unha boa acollida por parte dos participantes, xa que, para levalas a cabo, terase que cubrir o número de prazas ofertadas.



O programa Feito en Oleiros, unha mostra de implicación co teatro



Todos os espectáculos representados destacaron pola súa profesionalidade e a súa calidade e tiveron unha grande acollida por parte do público asistente. Este feito da mostra do bo traballo que se está realizando e da implicación amosada por persoas que participaron primeiro como alumnos dos obradoiros municipais e que logo pasan a integrar diferentes compañías e agrupacións.

◆ A segunda edición do programa Feito en Oleiros, organizado polo departamento de Cultura, amosou o pasado verán os traballos realizados por dúas compañías teatrais que traballan desde o Concello de Oleiros e a mostra final dos obradoiros municipais teatrais infantil e de adultos impartidos no período comprendido entre os meses de febreiro a xuño.



Mozos e mozas de Oleiros participan nun encontro con dúas mulleres republicanas que narran a súa experiencia durante a Guerra Civil

◆ Nas pasadas semanas o Centro de Información Xuvenil en colaboración con SocialDocs, levaron a cabo un encontro con dúas mulleres republicanas que viviron a Guerra Civil e a ditadura franquista e un grupo de rapaces e rapazas de Oleiros co obxectivo fundamental de establecer unha comunicación inter-xeracional entre os dous colectivos.

O encontro tivo lugar nunha das aulas do Centro Cultural A Fábrica onde os rapaces e rapazas participantes tiveron a posibilidade de coñecer unha parte da historia do noso país contada por dúas persoas que a viviron. O encontro foi gravado co obxecto de producir un documental que será proxectado no auditorio da Fábrica, coa presenza dos seus protagonistas, no mes de setembro.



Comeza A Hora do Conto nas bibliotecas municipais ▼

◆ Co comezo do novo curso escolar, o Concello de Oleiros pon en marcha unha nova edición do programa A Hora do Conto. Nesta actividade as contadoras e contadores Pablísimo, Soledad Felloza, Paula Carballeira, Pavís Pavós, A Tropa de Trapo, Marisa Irimia, Ramiro Neira, Inés Cuadrado, Pedro Brandariz, Caxoto, Fran Ínsua e a Compañía Trinke-Trinke narrarán diversos contos, como unha invitación a viaxar a un tempo máxico de fantasía e imaxinación. O obxectivo desta iniciativa, que está orientada a nenos e nenas menores de 10 anos e que se levará a cabo en todas as bibliotecas do Concello, é que os escolares descubran a diversidade dos libros e o pracer pola lectura. Todas as sesións terán lugar ás 18.30 horas.



● Biblioteca Central Rialeda. Perillo

- Outubro: os xoves, días 11, 18 e 25
- Novembro: os xoves, días 8, 15, 22 e 29

● Biblioteca Municipal Rosalía de Castro. Santa Cruz

- Outubro: os mércores, días 10, 17, 24 e 31
- Novembro: os mércores, días 7, 14, 21 e 28
- Decembro: o mércores, día 5

● Biblioteca Municipal Manuel María. Oleiros

- Outubro: os martes, días 16 e 30
- Novembro: os martes, días 6 e 20
- Decembro: o martes, día 4

● Biblioteca Municipal M^a José Trincado. Mera

- Outubro: os venres, días 5 e 19
- Novembro: os venres, días 9 e 23

● Biblioteca Municipal M^a José Ruso. Dorneda

- Outubro: os luns, días 15 e 29
- Novembro: os luns, días 12 e 26

● Biblioteca Municipal Ánxel Fole. Nós

- Outubro: o venres, día 26
- Novembro: os venres, días 16 e 30
- Decembro: o venres, día 14

● Biblioteca Municipal Federico García Lorca. Montrove

- Outubro: os martes, días 9 e 23
- Novembro: os martes, días 13 e 27

● Biblioteca Municipal Xograr Mendiño. Lorbé

- Outubro: o mércores, día 24
- Novembro: os mércores, días 7 e 21
- Decembro: o mércores, día 5

Arrancan as tertulias literarias e os talleres de lectura ►

◆ A rede de bibliotecas municipais do Concello de Oleiros pon en marcha unha nova tempada dos talleres de lectura e tertulias literarias. Estas actividades que contan con gran aceptación entre a mocidade e as persoas adultas do municipio lévanse a cabo na Biblioteca Central Rialeda e na Biblioteca Rosalía de Castro de Santa Cruz.

En Rialeda estas sesións levaranse a cabo cada 15 días, os mércores, ás 17.30 horas con dous grupos de 20 persoas cada un deles. Comezarán o mércores, 10 de outubro co grupo B e o mércores, día 17 comezará o grupo A. Pola súa parte, na Biblioteca Municipal Rosalía de Castro de Santa Cruz comezan o luns 15 de outubro e celebraranse ás 18.30 horas tamén cada 15 días.

Nestas actividades realizarase o comentario de obras de distintos xéneros literarios, principalmente narrativa contemporánea, pero tamén se le poesía, teatro e ensaio, nun ambiente de familiaridade, procurando o lado formativo e á vez, lúdico da lectura. O principal obxectivo é



animar a ler lendo, gozar da literatura como un desenvolvemento da capacidade de creación e comunicación a través da lectura, de maneira que compartindo ideas, reflexionando sobre temas diversos poidamos enriquecernos cos diferentes puntos de vista.

Ao longo dos meses iranse prestando ás persoas participantes diferentes libros de autoras e autores da literatura galega, española e internacional, por este motivo é totalmente imprescindible que as persoas interesadas en participar se inscriban nalgunha das dúas bibliotecas, para poder ter dispoñibles os exemplares necesarios de cada título.

A Tropa de Trapo conmemorará o Día Internacional para a Erradicación da Pobreza nas Torres de Santa Cruz ▼

◆ O grupo A Tropa de Trapo protagonizará un espectáculo de contacontos o próximo 17 de outubro con motivo do Día Internacional para a Erradicación da Pobreza. A sesión terá lugar ás 18.30 horas no teatro das Torres, en Santa Cruz. A compañía representará a obra titulada Antía, Wamba e o regato pequeno co subtítulo de Contos para todo o mundo e para un mundo de todos. Esta actividade lévase a cabo en

colaboración co Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade. A obra conta a historia de dúas personaxes, Antía, unha nena galega, e Wamba un mozo do Congo que se busca a vida vendendo de todo na rúa. Os contos de Wamba e as merendas de Antía fundiranse nunha amizade que lle ensinará a Antía que compartir non é dar o que che sobra e que, como din na tribo de Wamba, o río énchese de regatos pequenos.

Arranca o obradoiro de olería tras o parón estival

◆ No vindeiro mes de outubro comeza o obradoiro municipal de olería tras o parón do verán. Esta actividade conta con grande aceptación entre os veciños e veciñas do municipio. Como o seu propio nome sinala, a olería ten unha longa tradición en Oleiros, por iso, desde a área de cultura quíxose apostar por un obradoiro que mostrase as distintas técnicas e formas de traballar o barro. As clases impartiranse no alfar situado no parque das Torres, en Santa Cruz, todos os luns e martes desde ás 18.30 ata ás 20.30 horas. O mestre encargado de impartir as clases será o artesán Jose Luís Rivas.



Esta interesante actividade pretende que o alumnado aprecie o feito artesán e o identifique cos valores culturais de Oleiros. Ademais persegue que as persoas participantes teñan a oportunidade de coñecer o proceso de creación dunha peza de barro e os diferentes instrumentos de transformación do material xunto coas diferentes técnicas de cocción. Todos os veciños e veciñas interesados no mundo da olería e maiores de idade poden participar.

O auditorio da Fábrica acolle o XXIII Festival Internacional de Música de Pulso e Púa

◆ O auditorio da Fábrica acollerá o próximo xoves 4 de outubro ás 20.30 horas unha nova edición do Festival Internacional de Música de Pulso e Púa. Trátase da XXIII edición deste certame que se celebra no noso municipio. Este ano os protagonistas do concerto serán a agrupación Samovar-show, proveniente da localidade rusa de Ekaterinburgo e que estará dirixida baixo a batuta do prestixioso Vadim Egorov. A entrada a esta actuación será libre ata completar a capacidade da sala.



◀ O mel adoza Oleiros un ano máis

◆ O próximo domingo día 4 de novembro celébrase a XXIII edición da Feira do Mel que organiza o Concello de Oleiros. A feira levarase a cabo dentro dunha gran carpa instalada na rúa, xusto diante do mercado municipal de Perillo, como noutras edicións. Como xa é habitual, as persoas visitantes desta mostra poderán degustar, de balde, pan, queixo e mel que ofrecerán os distintos expositores deste doce produto. A feira contará coa presenza dos máis destacados apicultores do país. De forma paralela á mostra apícola, haberá distintas actuacións musicais ao longo de todo o día. Este ano a feira do mel contará con interesantes novidades.

O mago Teto abraiara co seu espectáculo de ilusionismo ▶


◆ O Mago Teto abraiara co seu novo espectáculo As Novas Tolemoxias. O ilusionista galego actuará no auditorio Gabriel García Márquez de Mera o sábado 3 de novembro ás 20.30 horas. O espectáculo, que terá un prezo de 2,5 euros está destinado a maiores de doce anos. Con esta obra, o Mago Teto regresa á esencia do ilusionismo tras varios anos investigando con outras artes escénicas nos seus espectáculos como a música en directo, o teatro ou a danza. As Novas Tolemoxias está cheo de efectos novos tocando todas as disciplinas da maxia, desde maxia de cerca ata grandes ilusións, pasando polo mentalismo á manipulación.



O teatro será protagonista nos meses de outubro e novembro

■ Oleiros presenta unha completa programación teatral para os meses de outubro e novembro. Ademais da música e outros tipos de espectáculos como a maxia e o humor, o teatro será un dos principais protagonistas. O departamento de Cultura do Concello de Oleiros preparou unha serie de actuacións onde se ofertan obras para todos os gustos e todas as sensibilidades. O auditorio Gabriel García Márquez será o punto de encontro para todos os afeccionados á arte escénica.

OUTUBRO



Sábado 6 ás 20.30 horas
A compañía teatral Áncora Producións presenta **Pisados**
Auditorio Gabriel García Márquez, Mera
Maiores de 12 anos
Prezo: 2,5 euros



Sábado 20 ás 20.30 horas
A compañía Teatro Galileo presenta **Desfeitos**
Auditorio Gabriel García Márquez, Mera
Maiores de 12 anos
Prezo: 3,5 euros



Sábado 27 ás 20.30 horas
A compañía teatral Elefante Elegante presenta **O forno**
Auditorio Gabriel García Márquez, Mera
Maiores de 12 anos
Prezo: 3,5 euros

NOVEMBRO

Sábado 10 ás 20.30 horas
Bucanero Teatro presenta:
Kungfundidos
Auditorio Gabriel García Márquez, Mera
Maiores de 12 anos
Prezo: 2,5 euros



Sábado 17 ás 20.30 horas
O Grupo Chévere presenta o seu espectáculo teatral: **Citizen Total**
Auditorio Gabriel García Márquez, Mera
Maiores de 12 anos
Prezo: 5 euros



Carmen Rey Grupo achega o seu son a Oleiros

◆ A banda Carmen Rey Grupo achega o seu son americano ao noso municipio. Esta agrupación nace co fin de cristalizar a música da vocalista Carmen Rey nun novo traballo con máis matices sonoros. A vocalista e os seus músicos foron madurando nos escenarios durante anos ata conseguir un son propio, próximo ao R&B con esencia do Funk e do Jazz. O concerto será o próximo 24 de novembro ás 20.30 horas no auditorio da Fábrica. A entrada é libre, ata completar a capacidade da sala.

Xoán Curiel presenta o seu último traballo musical ▶

◆ O cantautor Xoán Curiel tocará en Oleiros o próximo 1 de decembro. A actuación será ás 20.30 horas no auditorio do centro cultural da Fábrica, en Perillo. A entrada será de balde ata completar a capacidade da sala. Xoán Curiel fai pop galego con influencias de world music. As súas cancións agochan sorpresas agradables: instrumentacións cálidas, arranxos atrevidos, influencias da música étnica e letras conectadas co presente. Magnético Zen é o seu último álbum, no que ofrece a súa particular visión crítica do caos no que se atopa inmersa a sociedade actual.



Merca en Oleiros



Compra nos establecementos de Oleiros e no mercado municipal

TRIBUNA ABERTA

■ *Este é un espazo de participación cidadá onde se pode opinar sobre o tema que se desexe. Os textos son reproducidos de forma íntegra. Recordamos que a extensión máxima debe ser de 1.000 caracteres. Se queres participar nesta sección do próximo Vivir escribenos ao enderezo electrónico comunicacion@oleiros.org*

Eu quixera ser libre

Eu non vivo nunha nación libre, nin moito menos nun estado libre e se falamos do mundo, sería irrisorio sentenciar que vivo nun mundo libre. Eu vivo nunha ditadura mundial gobernada polo capital.

Que dura esa palabra, verdade?, que dura esa sentenza, vivo nunha ditadura. Pois si, unha dura afirmación, pero non unha mentira. Na nosa ditadura planetaria estannos a privar de multitude de dereitos básicos, obrigándonos a seguir un determinado patrón de conduta, de mercado, de educación... Un sistema onde so teñen dereito uns poucos á sanidade, á educación, a viaxar, a mercar unha vivenda..., aqueles que causaron esta crise que nos abafa a todas horas, eses larpeiros, ladróns, que vergoña!

Goberno, presidente, axúdenme, porque non me botan un unha man? Seica non poden meter a eses tiranos no cárcere? Non o merecen? Son poderosos? Seguro que si; tédeslles medo, ou é que estades compinchados con eles?, porque sabemos e sabedes que son os que mandan e todos estamos nas súas mans, facendo o que ordenan, así mentres se enriquecen de capital e de poder o pobo empobrécese no económico e de espírito.

Con todas estas razóns e as que me faltaran, non entendo coma nin eu nin a miña nación, o meu estado ou o meu mundo segue sen loitar, mirando cara a outro lado mentres comezan a privarnos de dereitos, pois cando deixemos de mirar o que nos rodea e miremos cara a diante, será demasiado tarde, e non teremos xa dereito a loitar nin por un mundo, nin por un estado e nin por unha nación libres.

Maceira das Mazás (Lorbé)

A Festa da Xuventude

Quería felicitar ao Concello de Oleiros pola estupenda idea de organizar a Festa da Xuventude no skate park de Bastiagueiro.

A pesar de que o tempo non acompañou e fixo que moitos de nós nolo pensáramos antes de ir, as actividades que había: escalada, surf, graffiti, a competición de skate e os concertos da noite, déronnos a oportunidade de encher a tarde do sábado. Unha única observación, o inicio das actuacións dos grupos quizais foi demasiado tarde, xa que ao rematar o skate ás oito da tarde e comezar a música ás dez, ese tempo morto provocou que algunha xente marchase da explanada.

Polo resto, en hora boa e... ATA O ANO QUE VÉN!

M. V. S., veciño de Nós

As homenaxes en vida

Un pensa firmemente que as homenaxes a aquelas persoas que traballan a reo e desinteresadamente polos demais se deben facer en vida. Non ten sentido que o recoñecemento chegue cando xa son os loureiros quen reverdecen unha tumba.

Hai un par de meses Mera foi testemuña diso. Por iniciativa dos colectivos veciñais e da man do Concello de Oleiros, o labor encomiable dun home bo foi recoñecido. Don Manuel, Don Manuel Rial, o párroco durante máis de corenta anos das localidades de Serantes e Maianca, puido gozar dun acto emotivo e fermoso; o bautizo do paseo de Mera co seu nome.

Foron moitos e moitas os veciños que se achegaron ata as inmediacións da praia de Espiñeiro para amosarlle o seu agarimo, o seu respecto, a súa admiración. Foi un crego distinto nunha época complicada. Como anécdota sen importancia pero que pon ben ás claras a súa actitude vital,

non dubidaba en remangarse a sota e xogar cos cativos ao fútbol. Dende a súa parroquia acendeu a chama da convivencia, organizando viaxes, festas e un sen fin de actividades onde os seus fregueses podían gozar do seu tempo de lecer sendo mellores persoas.

Este legado é o que moitas e moitos merachos recolleron e do que hoxe fan gala. Estes principios de solidariedade e colaboración que Don Manuel pregoaba co exemplo son, hoxe por hoxe, máis necesarios que nunca. Por iso que esta homenaxe vén no momento idóneo, cando máis se necesitan de baluartes claros e firmes nos que fixarse. Vén no momento de madura lucidez de Don Manuel, que incansable camiña por esa senda que agora, merecidamente, leva o seu nome, conversando con toda a xente que o saúda con sentida franqueza, coa placidez e a tranquilidade de quen non se sabe posuidor da verdade, pero si dunha experiencia que comparte con todo aquel que lle pida consello.

Hai homenaxes que chegan tarde e outros, coma este, que son no intre axeitado, como cando o mariñeiro que coñece as mareas sae a faenar cando o sol xa se albisca polo Seixo.

J. P. I. veciño de Mera

Oleiros y el teatro

Me gusta mucho la apuesta que el ayuntamiento está haciendo con el teatro. Personalmente no participo en los obradoiros, ni en ninguna de las compañías locais, pero como vecina y espectadora he disfrutado mucho del festival de Feito en Oleiros. Me parece una iniciativa muy buena que culmina un traballo que sé que se está facendo desde hace anos y que no es fruto de un solo día. Valoro que los auditorios acojan estas actividades, porque para mí son una oferta estupenda de ocio económico y cultural para toda la familia.

A. M. (Os Regos)

Teléfono do Veciño

Toda a información de 8 da mañá a 8 da tarde ininterrompidamente

981 610 000

•Concello de Oleiros 981 610 000

Policia Local (24 horas)	981 610 001
Garda Civil de Oleiros	981 610 067
Garda Civil urxencias	062
Xulgado	981 610 824
Servizo de augas	981 610 602
Mercado municipal	981 638 158
Recadación municipal	981 635 603
Ofic. Consumidor (Omic)	981 610 000 ext.1274
C. Recuper. fauna salvaxe	981 626 241
Urxencias médicas (24 horas)	061
Centro Urxencias Sta. Cruz	981 614 901
Centro Saúde Perillo	981 638 731
Centro Saúde Sta. Cruz	981 626 768
Centro Saúde de Oleiros	981 082 188
Casa do Mar de Mera	981 628 544
Protección Civil	981 636 933

Centros municipais de actividades

Centro Cultural A Fábrica	981 636 598
Centro Cívico de Sta. Cruz	981 614 784
Casa do Pobo de Mera	981 617 662
Casa do Pobo de Iñás	981 631 240
Casa do Pobo de Nós	981 664 257
Casa do Pobo de Dexo-Lorbé	981 618 201
Centro Cultural de Montrove	981 639 422
Casa da Cultura de Perillo	981 636 555
Centro de Información Xuvenil	981 636 598
Museo Oleiros J.M.Kaydeda	981 626 692
Castelo de Sta. Cruz	981 630 618
Aula do Mar / Faros de Mera	981 618 154
Escola Municipal de Danza	981 639 688
Escola Municipal de Música	981 639 143
Centro de Lecer Portaberta	981 614 083

Centros educativos

CMF Isaac Díaz Pardo	981 631 706
El O Vilar / Nós	981 664 257
El A Pardela / Os Regos	981 631 788
El As Galeras / Bastiagueiro	981 648 446
EIM A Canteira / Perillo	981 977 921
IES Neira Vilas / Perillo	981 638 903
IES Miraflores / Oleiros	981 631 615
IES Mª Casares / Bastiagueiro	981 626 344
CEIP Luis Seoane / Mera	981 617 130
CEIP Parga Pondal / Sta. Cruz	981 614 976
CEIP Valle Inclán / Perillo	981 636 754
CEIP A Rabadeira / Oleiros	981 610 023

Bibliotecas

Central Rialdea / Perillo	981 639 511
Rosalía de Castro / Sta. Cruz	981 626 338
María José Trincado / Mera	981 628 507
Mª José Ruso / Dorneda	981 626 638
Manuel María / Oleiros	981 610 700
Ánxel Fole / Nós	981 664 257
Xograr Mendiño / Dexo-Lorbé	981 618 201
F. García Lorca / Montrove	981 639 515

Querida lúa

O ciclo da lúa

Chea	30 setembro / 29 outubro / 28 novembro
Mingua	8 outubro / 7 novembro / 6 decembro
Nova	16 setembro / 15 outubro / 13 novembro
Medra	22 setembro / 22 outubro / 20 novembro

Transportes

En Oleiros TAXI a domicilio no **981 243 333**

Horarios Cal Pita

- Aeroporto de Alvedro **981 187 200**
- Estación autobuses A Coruña **981 184 335**
- Estación FFCC San Cristovo **902 240 202**

1 > A Coruña > Fonteculler > O Burgo > San Pedro <	Laborables Ida 6:45 ■ 6:55 ■ 7:10 ■ 7:25 ■ 7:35 ■ 7:45 a 21 cada 15' ■ 21:30 a 22:30 cada 30' Volta 7 a 21 cada 15' ■ 21:30 a 22:30 cada 30' Sábados Ida 7:10 ■ 7:40 ■ 8-22:30 cada 30' Volta 7:30 a 22:30 cada 30' Dom+fest Ida 7:10 ■ 7:40 ■ 8 a 22:30 cada 30' Volta 7:30 a 22:30 cada 30'
2 > A Coruña > Perillo > Montrove > Os Regos > Oleiros <	Laborables Ida 7:05 a 22:05 cada hora. Volta 7:35 a 22:35 cada hora Sábados Ida 8:05 a 22:05 cada hora. Volta 8:35 a 20:35 cada hora Dom+fest Ida 10:05 a 20:05 cada hora. Volta 10:35 a 20:35 cada hora
2a > A Coruña > Perillo > Montrove > Os Regos > Oleiros > Soñeiro <	Laborables Ida 7:05. Volta 7:30 Sábados Ida 8:05 ■ 14:05. Volta 8:30 ■ 14:30 Dom+fest Ida 10:05 ■ 14:05. Volta 10:30 ■ 14:30
2b > A Coruña > Perillo > Montrove > Os Regos > Oleiros > Pousada <	Laborables Ida 16:05. Volta 16:35 Sábados Ida 16:05 ■ 19:05. Volta 16:35 ■ 19:35 Dom+fest Ida 16:05 ■ 19:05. Volta 16:35 ■ 19:35
3 > A Coruña > Perillo > Nos > O Carballo > Oleiros > Sada <	Laborables Ida 6:55 a 20:55 cada hora ■ último ás 22. Volta 6:55 a 21:55 cada hora Sábados Ida 6:55 a 20:55 cada 2 horas. Volta 7:55 a 21:55 cada 2 horas Dom+fest Ida 8:55 ■ 10:55 ■ 13:05 ■ 14:55 a 20:55 cada 2 horas. Volta 9:55 a 21:55 cada 2 horas
4 > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz > Arillo > Sada <	Laborables Ida 6:25 a 21:25 cada hora. Volta 6:25 a 21:25 cada hora Sábados Ida 6:25 ■ 8:25 a 20:55 cada hora ■ Último ás 22. Volta 7:25 a 21:25 cada hora Dom+fest Ida 8:25 a 20:25 cada hora ■ Último ás 22. Volta 8:25 a 21:25 cada hora
6 > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz > Arillo > Rialta <	Laborables Ida 6:50 ■ 7:10 ■ 13:05 ■ de 7:40 a 20:40 cada hora ■ De 8 a 12 cada hora ■ De 14 a 20 cada hora ■ Último ás 22. Volta 7:10 a 21:10 cada hora ■ De 7:30 a 19:30 cada hora ■ 20:50 ■ 22:30 Sábados Ida 8:50 ■ 9:40 a 20:40 cada hora. Volta 9:10 a 21:10 cada hora Dom+fest Ida 9:40 a 20:40 cada hora. Volta 10:10 a 21:10 cada hora
6a > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz > Arillo > Rialta > Dorneda > Pousada > Oleiros > Soñeiro <	Laborables Ida a Oleiros 8 ■ a Soñeiro 20 Volta a Oleiros 8:40 ■ a Soñeiro 20:40
6b > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz > Franzomel > Dorneda > Pousada > Oleiros > Soñeiro <	Laborables Ida a Soñeiro 13:10. Volta de Soñeiro 13:50 Sábados Ida a Oleiros 11 ■ 21:10. Volta de Oleiros 11:30 ■ 21:45 Dom+fest Ida a Oleiros 10:20 e 13:10. Volta de Oleiros 10:45 ■ 13:35
VERÁN > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz <	Sábados+dom+fest Ida 10 a 21 cada hora Volta 10:30 a 21:30 cada hora
VERÁN > A Coruña > Perillo > Sta. Cristina <	Luns a domingos Ida 10:20 a 20:20 cada hora Volta 10:50 a 20:50 cada hora



34.841 habitantes empadroados/as!

Ata o 2 de agosto, o padrón do Concello distribuído por parroquias é:

DEXO (Santa María)	1.364
DORNEDA (San Martiño)	3.434
IÑÁS (San Xurxo)	1.208
LIÁNS (Santa Eulalia)	10.099
MAIANCA (San Cosme)	1.286
NÓS (San Pedro)	4.738
OLEIROS (Santa María)	2.913
PERILLO (Santa Leocadia)	8.212
SERANTES (San Xulián)	1.587
TOTAL	34.841

FARMACIAS DE GARDA

Datas

■ SANTIAGO MAIZ CAL Rúa Camilo Díaz Baliño, nº 1- A (Oleiros) ● Teléfono: 981 610 027	Do 7 ao 13 de setembro Do 16 ao 22 de novembro
■ MARTA VIGUERA MOSQUERA Mera-Rúa Miramar, nº 4 (Serantes) ● Teléfono: 981 617 937	Do 14 ao 20 de setembro Do 23 ao 29 de novembro
■ Mª TERESA MIGUÉLEZ FREIRE Avda. Rosalía de Castro, nº 247 (Perillo) ● Teléfono: 981 635 024	Do 21 ao 27 de setembro Do 30 de novembro ao 6 de decembro
■ Mª ROSA CATRUFO FERREÑO Avda. das Mariñas, nº 247 (Nós) ● Teléfono: 981 663 890	Do 28 setembro ao 4 de outubro Do 7 ao 13 de decembro
■ FERNANDO JOSÉ RODRÍGUEZ GARFIA Santa Cruz-Rúa Francisco Comesaña, nº 4-6 (Liáns) ● Teléfono: 981 614 503	Do 5 ao 11 de outubro Do 14 ao 20 de decembro
■ Mª TERESA LEMA ESPASANDÍN Arillo-Avda. República Argentina, nº 95 (Dorneda) ● Teléfono: 981 648 440	Do 12 ao 18 de outubro Do 21 ao 27 de decembro
■ MARTA DE SAN IGNACIO GIL DE LA PEÑA Urbanización Os Regos-Isaac Díaz Pardo, nº 4 (Liáns) ● Teléfono: 981 614 184	Do 19 ao 25 de outubro Do 28 de decembro ao 3 de xaneiro
■ PABLO DURÁN LOSADA Rúa Viñas de Babilonia, nº 8 (Liáns) ● Teléfono: 981 923 845	Do 26 de outubro ao 1 de novembro
■ PEDRO JOSÉ IGLESIAS PASTORIZA Avda. Ernesto Ché Guevara, nº 16 (Perillo) ● Teléfono: 881 963 932	Do 2 ao 8 de novembro
■ ALEJANDRO SÁNCHEZ BARREIRO Rúa Golfiño, nº 121 (Dexo) ● Teléfono: 981 628 165	Do 9 ao 15 de novembro

O Goberno local ornamenta tres rotondas na variante de Oleiros



◆ O Goberno local acondicionou as tres rotondas situadas en distintas interseccións da travesía de Oleiros coas estradas de Perillo, O Carballo e Iñás e que a Xunta de Galicia quería deixar sen urbanizar. Continuando coa política de embelecemento do municipio levada a cabo polo Goberno municipal ornamentáronse estas tres rotondas, dúas delas con fermosas palmeiras cedidas por un veciño de Oleiros e que o Concello transplantou. A terceira, a rotonda principal que dá acceso á localidade de Santa María de Oleiros e que está situada na intersección da variante de Oleiros coa estrada que vén de Perillo, foi adornada con dúas grandes vasillas de barro traídas desde Toledo e que contan con máis de 100 anos de antigüidade. As pezas de barro foron elixidas como homenaxe aos oleiros e ao nome da localidade. Ademais, esta rotonda e os pequenos xardíns que a rodean foron mellorados coa colocación de céspede artificial. Os traballos de ornamentación das tres rotondas supuxeron un investimento total de 21.000 euros.

Coa apertura da vía de circunvalación onde están situadas estas rotondas, así como coa entrada en funcionamento do tramo da vía Ártabra que xa presta servizo desde Os Galgos, en Dorneda,

ata Veigue, o Concello espera a pronta apertura total do trazado que desde Lorbé conectará coa N-VI. Desde a Consellería de Medioambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia prevese esta apertura para finais de 2012 ou principios do próximo ano.

Esta estrada de grande importancia para o municipio influirá en gran medida para reducir o tránsito de vehículos en diversas estradas de Oleiros, principalmente a estrada da costa e a que une Perillo con Oleiros. O aforro en tempo e a distancia percorrida en quilómetros é importante, fundamentalmente para os veciños e veciñas da zona norte do municipio e para os habitantes de Sada. Esta nova vía disporá de cinco entradas desde as localidades do Concello, Iñás, Oleiros, Dorneda, Mera e Dexo. Ademais está prevista outra conexión desde Abeleiras, en Dorneda, ata os Tornos, na estrada de Meirás, este ramal será construído pola promotora do campo de golf. Na actualidade, estase a redactar o proxecto da segunda fase da vía Ártabra, que conectará Oleiros con Cambre e a autoestrada AP-9, a autovía A-6 e a Terceira Rolda.